

# 37º DÍA DA MUIÑEIRA

## AC. TERRA DE SENA CEE



A **A.C. TERRA DE SENA** de Cee, convoca o “37º Día da Muiñeira”, que terá lugar o **XOVES 1 DE MAIO** ás 17:30 da tarde na Praza da Muller de Cee.

### BASES

- 1.- Poderán participar todos aqueles centros, colexios, grupos folclóricos, asociacións,... que o desexen.
- 2.- Cada colectivo poderá inscribir para a muiñeira o número de grupos e parellas que desexe.
- 3.- A muiñeira a bailar será **MUIÑEIRA DE OÍNS**, adaptada en catro puntos e cinco voltas. A primeira vez escoitarase e despois bailarase tres veces con breves descansos.
- 4.- O prazo de inscrición rematará o **28 de abril**. As follas, debidamente cubertas, deberán enviarse a:
  - Correo electrónico: **terradesenacee@gmail.com**
  - Para máis información **666 655 262** ou en
  - **Facebook ou Instagram**

Os grupos inscritos deberán concentrarse no **Polideportivo Municipal ás 16:30 da tarde**. Un representante de cada grupo deberá acercarse á mesa situada na porta do recinto para recibir información por parte da organización. Desde alí faremos o pasarrúas ata a Praza da Muller, onde se bailará a muiñeira todos xuntos ás 17:30h. En caso de que as condicións meteorolóxicas sexan adversas, a xornada levarase a cabo dentro do polideportivo.

Ao remate do XXXVII Día da Muiñeira, farase entrega dun obsequio a todas as asociacións, así como un pastel e unha bebida a cada participante. No caso de que algún membro do grupo teña algunha intolerancia alimenticia, pedimos que se nos comunique á hora de facer a inscrición para telo en conta.

---

Ao remate da actuación da Muiñeira, haberá un CONCURSO no que cada colectivo poderá participar, se así o desexa, nunha única categoría cun **máximo de duración de 5 minutos** e presentando unha peza escollida libremente.

É **imprescindible** que todos os bailaríns participen na Muiñeira para poder participar no concurso e **só poderán bailar cun único grupo no concurso**; de non ser así, todos os grupos implicados quedarán descualificados. No concurso non existe límite de participantes por agrupación.

# PREMIOS

## CATEGORÍA "A"

(Ata 14 anos)

1º premio: 200 euros

2º premio: 140 euros

## CATEGORÍA "B"

(Maiores de 14 anos)

1º premio: 200 euros

2º premio: 140 euros

### BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN NA MUIÑEIRA

NOME DO GRUPO	NÚMERO DE BAILARÍNS/CADROS

OBSERVACIÓNS .....

### BOLETÍN DE INSCRICIÓN NO CONCURSO

NOME DA ASOCIACIÓN.....

DOMICILIO.....

TFNO.....EMAIL .....

TÍTULO DA PEZA.....

ORIXE DO VESTIARIO.....

CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA..... Nº DE COMPOÑENTES.....

OBSERVACIÓNS .....

Aproveitamos a ocasión para saudalos atentamente.